BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA (1 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 10/06/2024
HASH: 43584c2943576d5272bd821decf3a7b0b

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (2 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 10/06/2024
HASH: 092b6a2558619412e133d78c36deb6c2

Concello de Meaño

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria

Data:

5 de xuño de 2024

Duración:

Desde las 20:07 hasta las 21:33

Lugar:

Salón de Sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ

Secretario:

BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	**Nome e Apelidos**	**Asiste**
35****23P	CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ	SÍ
76****28C	CRISTINA CASTRO PINTOS	SÍ
76****00H	JOSÉ MANUEL ASPÉREZ MONTES	SÍ
76****29G	JESUS JOAQUIN SUEIRO MENDEZ	NON
76****92W	JORGE BESADA SEREN	SÍ
44****66T	JOSE ANGEL LUBIAN BARREIRO	SÍ
35****79Q	MARIA BELEN MOSTEIRO LOBATO	SÍ
76****33Q	MERCEDES COUSIDO GARCIA	SÍ
35****72Y	RAMON ALFONSO PIÑEIRO	SÍ
35****88C	RAMÓN TILVE CASTRO	SÍ
76****09G	RAQUEL BALBOA TORRES	SÍ
77****34W	ROSANA DOMINGUEZ REY	SÍ
53****29J	SHEILA FETEIRA SANTOS	SÍ

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 18

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACION, SI PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS EXTRAORDINARIAS DE DATAS 11-04-2024, 13-05-2024 E 15-05-2024.-	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade

Resolución:

Dada conta dos borradores das actas das sesións extraordinarias de datas 11-04-2024, 13-05-2024 e 15-05-2024, e unha vez examinadas as mesmas, resultan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2. TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR D. JESUS JOAQUIN SUEIRO MENDEZ. (EXP. 340/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade

Vista a renuncia realizada por D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez, con D.N.I. 76.***29-G, o cargo de Concelleiro do Partido Popular (Grupo Mixto) que ocupaba neste Concello de Meaño desde a súa toma de posesión na sesión constitutiva dá corporación municipal celebrada o día 17/06/2023, tras cumprir coas obrigas impostas pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, sendo as razóns alegadas motivos persoais e profesionais.

Visto que os seguintes candidatos na lista do Partido Popular polo que concorreron ás últimas eleccións municipais renuncian a tomar posesión da acta de concelleiro por motivos persoais e profesionais:

Número 2 da candidatura D. David Couso Méndez.

Número 3 da candidatura Dona Iria Castro Castro.

Número 4 da candidatura D. Carlos Fandiño Meis

Visto que a seguinte candidata na lista do Partido Popular co número 5 é Dona María de la Cruz Vázquez Torres.

De conformidade co previsto na lexislación electoral e do réxime local, así como na Instrución da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes **ACORDA**:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez á súa condición de concelleiro do Concello de Meaño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

SEGUNDO. Remitir o expediente así como certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central, para os efectos de solicitar a emisión de credencial a favor do candidato/a o que corresponda cubrir a vacante producida, que vista a renuncia dos candidatos que ocupan os lugares de candidatura

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 18

número 2, 3 e 4 na lista electoral do Partido Popular nas eleccións locais do 2023, lle corresponde a Dona María da Cruz Vázquez Torres que ocupa o posto número 5 na lista electoral.

3. EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA SUPLEMENTO DE CREDITO / CREDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE LIQUIDO DE TESOURARIA (MV 12/2024). (EXP. 427/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4

Visto o expediente de MC 12/2024, tramitado na modalidade de suplemento de crédito/ crédito extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesouraría.

A razón deste expediente que require dun incremento do orzamento deste exercicio é que se trata de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que o crédito consignado é insuficiente o non existe, segundo o caso, cumpríndose o establecido no Art. 177.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O presente expediente xustifícase polas seguintes necesidades:

a.- Suplementar crédito por importe total de 145.093,88 €, este suplemento está destinado a:

1.- O exceso de medicións na execución da obra “Pavimentación e mellora da seguridade vial Lote 2” financiado con fondos propios (expte gestiona 916/2022).
2.-Gastos de redacción de proxectos, dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde dos diferentes proxectos a executar neste ano 2024 e para os que a consignación no orzamento 2024 son del todo insuficientes.
3.-Liquidación de gastos correspondentes ao terceiro cuatrimestre do ano 2023 da Mancomunidade do Salnés, por un importe total de 70.999,63 € (RE nº 2024-E-RC-1)

b.- O crédito extraordinario é necesario na contía de 210.992,21 € para gastos de investimento vinculados a proxectos financiados:
1.-Proxecto “Fase I. Ejecución de cubierta y acondicionamiento pista deportiva Dena-Meaño”. Orzamento total do investimento 538.048,17 €. Subvención da Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan +Provincia 2024 423.335,84 €. Mediante esta modificación se financia o importe da achega municipal na contía de 114.712,33 €.
2.- Achega municipal a financiar mediante esta modificación polo importe de 26.825,43 € para o proxecto “Obras de mellora da piscina municipal de Dena”. Proxecto polo importe total de 73.260,33 € cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra Plan Extraordinario de Infraestructuras deportivas polo importe de 46.434,90 €.
3.-Proxecto de “Mellora e pavimentación da Pista S-32 de Vilariño a Catadoiro”, importe total do proxecto 67.724,46, subvención solicitada de 40.000,00 €. Achega municipal a financiar mediante modificación 27.724,46 € €
4.-Proxecto “Obras de mellora da pavimentación do camiño de Ameiró D-06” Importe total do proxecto + control de calidade 59.484,81 €. Achega municipal a financiar mediante modificación 10.323,81€.
5.-Adquisición mediante expropiación dos terreos necesarios para a levar a cabo o proxecto da Rúa Herminio Fariña polo importe de 31.406,18 €.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 18

En canto á fonte de financiamento, o art. 177.4 do TRLRFL e o art. 36.1 do RD 500/1990 indica que os suplementos de crédito pódense financiar, entre outros con cargo ao Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais, concepto 870.00

Visto o informe de intervención n.º 2024-020 de carácter favorable.

Considerando o disposto no artigo 177 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facenda Locais, e o disposto nos artigos 37 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril e de acordo co establecido nas Bases de execución do orzamento actualmente vixentes e o dictame favorable da Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por oito votos a favor (do Grupo Municipal Veciños de Meaño), catro abstencións (dos Grupos Municipais Meaño Independientes e Bloque Nacionalista Galego) e cero votos en contra, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 12/2024 na modalidade suplemento de crédito/crédito extraordinario financiado con RLT polo importe de 356.086,09 €, de acordo co seguinte detalle:

Aplicacións de gastos

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
454-61909	PAVIMENTACIÓN Y MELLORA DA SEGURIDADE VIAL LOTE 2 (916/2022)	4.094,25
454-61901	ASISTENCIA TÉCNICA REDACCIÓN PROYECTOS Y DIRECCIÓN DE OBRAS	70.000,00
943-76300	TRANSFERENCIA MANCOMUNIDADES	18.375,93
943-46300	TRANSFERENCIA MANCOMUNIDADES	52.623,70
TOTAL		**145.093,88**

CRÉDITO ETRAORDINARIO

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
342-6320002	CUBIERTA Y ACONDICIONAMIENTO PISTA DEPORTIVA (PLAN + PROVINCIA 2024)	114.712,33
342-6320001	MELLORAS NA PISCINA MUNICIPAL DE DENA (PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS 2024)	26.825,43
1531-60000	EXPROPIACIÓNS RUA HERMINIO FARIÑA (836/2022)	31.406,18
454-61904	PISTA VILARIÑO A CATADOIRO (75/2024)	27.724,46
454-61905	AGADER 24-25 (167/2024)PAVIMENTACIÓN CAMIÑO AMEIRO	10.323,81
TOTAL		**210.992,21**

Aplicacións de ingresos

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	**356.086,09**
TOTAL		**356.086,09**

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 18

4. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CREDITOS 1/2024. (EXP. 422/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 11 , En contra: 0, Abstencións: 1

Visto expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2024, correspondente á liquidación de gastos do terceiro cuatrimestre do ano 2023 da Mancomunidade do Salnés, e notificados a este Concello o 02/01/2024 cun importe total de 70.999,63 € e con o seguinte desglose:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	Importe
943-46300	GASTOS XERAIS	5.516,63
943-46300	SERVIZO DE BACHEO	3.707,33
943-46300	SERVIZO MINIPALAS	4.610,56
943-46300	SERVIZO MOTONIVELADORA	2.928,21
943-46300	SERVIZO TRACTOR DESBROZADORA	2.832,33
943-46300	SERVIZO CAMIÓN GRÚA	671,26
943-46300	GASTOS PROMOCIÓN TURÍSTICA 2023	7.651,10
943-46300	SERVIZO DE LOITA CONTRA A VELUTINA	2.821,07
943-46300	GASTOS DE ASISTENCIAS A SESIÓNS 2023	1.680,00
943-46300	GASTOS FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL	3.229,73
943-46300	GASTOS SERVIZO RETROECAVADORA	2.921,70
943-46300	GASTOS SERVIZO CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL	1.088,92
943-46300	GASTOS SERVIZO MESTRE COMPOSTEIRO	2.784,41
943-46300	GASTOS SERVIZO ORIENTADOR LABORAL	1.498,67
943-46300	GASTOS OFICINA CONTROL VERQUIDOS	57,19
943-46300	GASTOS SERVIZO CIM	6.706,26
943-46300	GASTOS MELLORAS NO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA	1.918,33
946-76300	CERTIF ADQUISICIÓN TERREOS EDAR-RIBADUMIA	557,11
946-76300	CERTF. PROXECTO MELLORA EFICIENCIA INSTALACIÓN BOMBEO ETAP IDAE-1	11.074,31
946-76300	CERTI.F. COMPLEMETARIA PROXECTO CALIDADE	6.744,51

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 18

Considerando que, na aplicación orzamentaria do estado de gastos do Orzamento 2024 943-46300 existe consignación orzamentaria pero non obstante a imputación deste gasto vai a reducir os créditos dispoñibles do exercicio corrente.

Considerando que na aplicación orzamentaria 943-76300 non existe consignación orzamentaria suficiente.

Considerando que se está a tramitar de xeito simultáneo modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito/crédito extraordinario (expediente 427/2024) para incrementar o crédito disponible suficiente e adecuado para facer fronte ao incremento de gasto que supón nas partidas afectadas por este expediente de REC 1/2024 no actual orzamento 2024.

Visto o informe de secretaria-intervención obrante no expediente.

Considerando que, o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento sempre que non exista dotación orzamentaria, mediante a asignación puntual e específica de obrigacións procedentes de exercicios anteriores ao orzamento vixente.

Ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2024 , o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por once votos a favor (do Grupo Municipal Veciños de Meaño e do Grupo Municipal Meaño Independientes), unha abstención (do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego) e cero votos en contra, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos e autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes aos gastos que se relacionan por importe total de 70.999,63 €, correspondentes ao exercicio 2023 polo importe e con cargo as aplicacións orzamentarias a continuación indicadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Raz.Social	CONCEPTO	Importe
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS XERAIS	5.516,63
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO DE BACHEO	3.707,33
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO MINIPALAS	4.610,56
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO MOTONIVELADORA	2.928,21
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO TRACTOR DESBROZADORA	2.832,33
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	SERVIZO CAMIÓN GRÚA	671,26
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS PROMOCIÓN TURÍSTICA 2023	7.651,10
943-46300	MANCOMUNIDADE DO	SERVIZO DE LOITA CONTRA A VELUTINA	2.821,0

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 18

	SALNES		7
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS DE ASISTENCIAS A SESIÓNS 2023	1.680,00
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL	3.229,73
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS SERVIZO RETROECAVADORA	2.921,70
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS SERVIZO CONSERVACIÓN MEDIOAMBIENTAL	1.088,92
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS SERVIZO MESTRE COMPOSTEIRO	2.784,41
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS SERVIZO ORIENTADOR LABORAL	1.498,67
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS OFICINA CONTROL VERQUIDOS	57,19
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS SERVIZO CIM	6.706,26
943-46300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	GASTOS MELLORAS NO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA	1.918,33
946-76300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	CERTIF ADQUISICIÓN TERREOS EDAR-RIBADUMIA	557,11
946-76300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	CERTF. PROXECTO MELLORA EFICIENCIA INSTALACIÓN BOMBEO ETAP IDAE-1	11.074,31
946-76300	MANCOMUNIDADE DO SALNES	CERTI.F. COMPLEMETARIA PROXECTO CALIDADE AMBIENTAL	6.744,51

***SEGUNDO**- A efectividade do recoñecemento extraxudicial de crédito* queda condicionada á entrada en vigor da correspondente modificación orzamentaria e polo tanto, á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente.

5. SOLICITUDE DO CONSELLO ESCOLAR DE INFORME FAVORABLE PARA CAMBIO DENOMINACION CEIP MEAÑO. (EXP. 359/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade

Vista a solicitude, presentada no rexistro do Concello con data 29/02/2024 (2024-E-RE-345) do Consello Escolar do CEIP de Meaño-As Covas, representado polo seu Presidente, de “cambio de denominación do noso centro educativo de "CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas" a "CEIP As Covas-Meaño", segundo o acordo adoptado polo Consello Escolar do CEIP P. de Meaño-As Covas en sesión celebrada o 30/01/2024 no que por unanimidade se aproba a “… a proposta de modificación do nome do noso centro educativo, pasando de ser "CEIP P. DE MEAÑO-AS COVAS" a "CEIP P. AS COVAS-MEAÑO" ….”e “….trasladar esta decisión ao Concello de Meaño e obter o seu visto e prace para proceder co cambio do nome do centro”.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 18

Visto o informe elaborado pola Secretaria-Interventora accidental con data 24/05/2024.

Atendendo ao previsto no artigo 8 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, segundo o cal:

"*1. As escolas de educación infantil e os colexios de educación primaria de titularidade pública dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán, segundo corresponda, a denominación xenérica de Escola de Educación Infantil, Colexio de Educación Primaria ou Colexio de Educación Infantil e Primaria e a denominación especifica que aprobe a dita consellería por proposta do consello escolar do centro e con informe favorable do concello."*

Ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

INFORMAR FAVORABLEMENTE a proposta do Consello Escolar de cambio de denominación do centro educativo da actual denominación " CEIP Plurilingüe de Meaño- As Covas" a "CEIP Plurilingüe de As Covas- Meaño".

6. NOMEAMENTO DE NOVO REPRESENTANTE NA MANCOMUNIDADE DO SALNES POLA RENUNCIA DO CONCELLEIRO D. JORGE BESADA SEREN. (EXP. 298/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 8 , En contra: 0, Abstencións: 4

Mediante acordo adoptado polo Pleno na sesión extraordinaria de 06/07/2023, se designa ao concelleiro electo D. Jorge Besada Serén como un dos representantes da corporación na Xunta da Mancomunidade do Salnés.

Mediante RE nº 2024-E-RC-1245 de data 25/03/2024 o concelleiro D. Jorge Besada Serén comunica a súa renuncia como representante do Concello na Mancomunidade do Salnés por motivos persoais.

A comisión informativa especial de contas na súa sesión de data 05/04/2024 acorda a retirada do punto da orde do día e que se de traslado da renuncia do representante do Concello de Meaño á Mancomunidade do Salnés.

Co nº de rexistro de saída 2024-S-RC-361 se da traslado a Mancomunidade do Salnés da renuncia presentada como representante do concello de Meaño na Xunta da Mancomunidade do concelleiro D. Jorge Besada Serén.

A Mancomunidade do Salnés solicita ao Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación Provincial de Pontevedra que:
"*Que tendo recibida a renuncia dun dos membros da Xunta da Mancomunidade do Salnés, e dada as dúbidas xurdidas en base o procedemento que debería seguir o concello de cara á elección dun novo substituto, todo elo en base ó artigo 4, apartado 1) dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés.*
SOLICITA

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 18

Que o Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación Provincial de Pontevedra emita informe xurídico sobre cal considera que debería de ser o procedemento de elección máis axeitado."

A Mancomunidade do Salnés co nº de rexistro de entrada no concello 2024-E-RC-1507, da traslado do informe emitido polo SAIM da Deputación Provincial de Pontevedra, no que nas súas conclusións sinala:

"(...) 5º. No dereito de representación que asiste aos municipios que integran a Mancomunidade, ***procede a elección de un novo representante (concelleiro/a) do Concello de Meaño, nomeado por acordo plenario****; por canto o representante-vocal actual considérase que mantén a súa condición de representante do Concello de Meaño na Mancomunidade do Salnés, si non incorre en ningunha das causas das enumeradas no artigo 9 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que determinan a perda de tal condición. O seu cese pola aplicación do sinalado no punto 1) do artigo 4 dos Estatutos, que se reitera de plena aplicación para a constitución da Xunta da Mancomunidade unha vez formadas as novas corporacións municipais resultantes das correspondentes eleccións locais, pode constituír vulneración do dereito fundamental ao exercicio ao cargo público, recoñecido polo artigo 23.2 da C.E.*

6º. En canto a forma de elección, e considerando que se trata da elección dun novo representante do Concello de Meaño na Mancomunidade non dun representante dos grupos políticos do Concello de Meaño na Mancomunidade, será a sinalada no punto 1) do artigo 4 dos Estatutos "nunha única votación; cada concelleiro votará un só candidato. Poderán ser candidatos todos os concelleiros da corporación respectiva".

A vista do exposto e do ditame da Comisión Especial de Contas, procede a elección polo Pleno da corporación dun novo representante do concello na Xunta da Mancomunidade do Salnés nunha única votación; na que cada concelleiro votará un só candidato e poderán ser candidatos todos os concelleiros da corporación respectiva.

Por parte da Alcaldía formúlase proposta de representación a favor da candidata a Dª Belén Mosteiro Lobato, concelleira do Grupo Municipal Veciños de Meaño; non habendo máis candidatos/as.

A Concelleira do Grupo Municipal do BNG Dª Rosana Domínguez Rey fai unha intervención e solicita que conste en acta: Que a fórmula de votación non é válida nin conforme a dereito.

Sometido a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por oito votos a favor (do Grupo Municipal Veciños de Meaño), catro abstencións (dos Grupos Municipais Meaño Independientes e Bloque Nacionalista Galego) e cero votos en contra, acorda:

Nomear como representante da corporación na Xunta da Mancomunidade do Salnés a Dª Belén Mosteiro Lobato, como concelleira electa.

7. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL DO CONCELLO. (EXP. 452/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Unanimidade

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 18

O Sr. Alcalde cédelle a palabra á voceira do Grupo Municipal do BNG Dª Rosana Rosana Domínguez Rey, que procede a dar lectura á moción presentada con data de rexistro 28- 05-2024, n.º 2024-E-RE-865:

"**MOCIÓN DO BNG DE MEAÑO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL DO CONCELLO**

Dona Rosana Domínguez Rey, portavoz do Bloque Nacionalista Galego no concello de Meaño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1.O BNG de Meaño considera que é necesario reforzar as medidas de seguridade peonil existentes no concello e implementar outras novas nos lugares onde a súa ausencia xera incidentes e preocupación na veciñanza. A seguridade peonil é un dereito dos veciños e veciñas, polo que debe ser tratado na Corporación Municipal tomando as decisións necesarias para favorecela.

Nun concello rural como o noso que conta tamén con algúns núcleos urbanos, tendo camiños e estradas de diferentes tipos, é fundamental ter consciencia da importancia da seguridade viaria, especialmente da seguridade peonil, polo que é crucial o seu estudo e coidado, para que todas as persoas poidan facer uso do espazo público e desprazarse de xeito seguro.

Nos camiños e estradas do concello conviven todo tipo de desprazamentos: a pé, en bicicleta, en coche, uso de tractores e maquinaria agraria… e mesmo nalgúns camiños das parroquias se poden atopar nenos xogando ou persoas paradas falando.

2.Moitos dos núcleos poboacionais do concello, igual que acontece na maior parte do país, están articulados ás marxes dunha estrada, o que supón un reto en materia de seguridade peonil. Nestas zonas é necesario dar prioridade aos viandantes sobre os automóbiles. Isto fai imprescindible a existencia de beirarrúas e pasos de peóns nestas zonas; e unha sinalización axeitada que favoreza o cumprimento da limitación de velocidade. Nas parroquias de Meaño, Xil e Padrenda, as beirarrúas están sen rematar, polo que os desprazamentos dos peóns non son seguros. No caso de Padrenda e Xil non existe nin un só paso de peóns que permita atravesar a estradavehículos é unha preocupación da veciñanza en todo o concello, que se sinte desprotexida cando atravesa a estrada.

3. A parroquia de Dena é o núcleo urbano máis grande do concello, polo que se fai notar máis, se cabe, a necesidade de mellorar a seguridade peonil.

- Distintos puntos das súas beirarrúas atópanse en mal estado, con baldosas e táboas rotas, como acontece na beirarrúa de madeira da Ponte de Dena e que recentemente ocasionou a caída dunha persoa, causándolle danos nunha prótese que unha enfermidade lle obriga a empregar.

- A inexistencia de elementos que favorezan a diminución da velocidade dos vehículos faise notar diariamente entre a veciñanza que vive ou acode ao centro de Dena para realizar compras, ir ao médico…

- A necesidade dun paso de peóns que de acceso seguro polo lateral ao Centro Médico de Dena é evidente para a seguridade e comodidade dos usuarios do mesmo.

- No Centro Social de Dena faise notar a retirada xa hai tempo do paso de peóns que estaba na porta, xa que na actualidade son moitas as persoas que continúan a atravesar por aí.

- A retirada do paso de peóns de Coirón á altura do cruce da Casa Portuguesa é un caso de urxente tratamento. Está a piques de facer un ano que a Xunta de Galicia decidiu retirar este paso de peóns que levaba anos facilitando a mobilidade peonil de xeito seguro na zona e que permitía á veciñanza atravesar a estrada no seu día a día. Os veciños e veciñas da zona opuxéronse á súa retirada dende o primeiro momento: concentrándose á beira do paso; colocando un cartel en sinal de protesta e incluso paralizando o remate das obras en dúas ocasións, a última, neste pasado mes de abril. O BNG de Meaño tamén solicitou á Alcaldía dende o primeiro momento que apoiase á veciñanza nesta causa e loitase con ela para impedir a súa retirada, e así o manifestamos no Pleno do 27 de xullo de 2023,.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 18

4. Hai que ter en conta que estas cuestións sobre mobilidade peonil se ven agravadas no caso das persoas con mobilidade reducida, persoas maiores, etc.

Polo anteriormente exposto, o BNG de Meaño presenta ao Pleno do Concello de Meaño os seguintes ACORDOS:

1. Instar á autoridade competente para realizar un estudo de seguridade peonil no municipio coa finalidade de identificar os puntos onde é preciso implementar e/ou aumentar as medidas de seguridade necesarias, como sinais, espellos, pasos de peóns, etc.

2. Instar á Xunta de Galicia de xeito urxente para repoñer o paso de peóns eliminado na PO 550 ao seu paso por Coirón no entronque da vía semipeonil que vén da Casa Portuguesa ou implantar unha alternativa que permita atravesar cara esta vía de prefencia peonil.

3. Instar á Xunta de Galicia para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na PO 550 dende Coirón ata Ponte Dena.

4. Instar á Xunta de Galicia para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na PO 303, especialmente ao seu paso por Xil e Galiñáns e para que se aumente a seguridade dos peóns que actualmente non teñen por onde atravesar a estrada.

5. Instar á Deputación de Pontevedra para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na EP 9305, especialmente na baixada do Pazo do Monte á Bouza en Padrenda e para que se aumente a seguridade dos peóns que actualmente non teñen por onde atravesar a estrada."

Ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros presentes acorda:

1. Instar á autoridade competente para realizar un estudo de seguridade peonil no municipio coa finalidade de identificar os puntos onde é preciso implementar e/ou aumentar as medidas de seguridade necesarias, como sinais, espellos, pasos de peóns, etc.

2. Instar á Xunta de Galicia de xeito urxente para repoñer o paso de peóns eliminado na PO 550 ao seu paso por Coirón no entronque da vía semipeonil que vén da Casa Portuguesa ou implantar unha alternativa que permita atravesar cara esta vía de prefencia peonil.

3. Instar á Xunta de Galicia para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na PO 550 dende Coirón ata Ponte Dena.

4. Instar á Xunta de Galicia para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na PO 303, especialmente ao seu paso por Xil e Galiñáns e para que se aumente a seguridade dos peóns que actualmente non teñen por onde atravesar a estrada.

5. Instar á Deputación de Pontevedra para implementar medidas que favorezan a reducción da velocidade dos automóviles na EP 9305, especialmente na baixada do Pazo do Monte á Bouza en Padrenda e para que se aumente a seguridade dos peóns que actualmente non teñen por onde atravesar a estrada.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 18

8. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA INSTAR A XUNTA DE GALICIA E A AUGAS DE GALICIA PARA A ELIMINACION DE VERQUIDOS QUE SOFREN OS RIOS DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 453/2024).-	
Favorable	**Tipo de votación:** Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 0 , Abstencións: 8

O Sr. Alcalde cédelle a palabra á voceira do Grupo Municipal do BNG Dª Rosana Rosana Domínguez Rey, que procede a dar lectura á moción presentada con data de rexistro 28- 05-2024, n.º 2024-E-RE-865:

"**MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E A AUGAS DE GALICIA PARA A ELIMINACIÓN DOS VERQUIDOS QUE SOFREN OS RÍOS DO CONCELLO DE MEAÑO**

Dona Rosana Domínguez Rey, portavoz do Bloque Nacionalista Galego no concello de Meaño, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

1. Os ríos, regatos e regos do concello son fonte de biodiversidade e elementos paisaxísticos que deben estar coidados e saneados. A calidade da auga é imprescindible para os animais e as persoas que habitan na zona ou a visitan.

2. O Río da Chanca sofre vertidos en diferentes puntos. En época de moitas precipitacións unha arqueta próxima ao Muíño da Birta no Lugar de Abuín satura e desafoga augas fecais sen depurar no río, feito que denuncia tamén o Colectivo Ecoloxista do Salnés. Ademáis este Río tamén sofre vertidos na súa desembocadura na Ría de Dena que afectan ao ecosistema da ría.

3. A contaminación das nosas augas fluviais repercute negativamente non só ao estado dos propios ríos e regatos, se non que tamén afectan o estado da Ría de Dena nos Pasales, único punto costeiro do noso concello. Este entorno natural moi rico en canto a biodiversidade e de interese lúdica pola súa fermosura paisaxística debe ser coidado e protexido.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Meaño presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Instar a Augas de Galicia para vixiar o estado dos ríos e regatos do concello coa finalidade de localizar os puntos onde se ocasionan vertidos.

2. Instar á Xunta de Galicia para que colabore co Goberno Municipal na erradicación dos vertidos existentes."

Ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Permanente de Servizos, Medio Ambiente e Ciclo da Auga, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por catro votos a favor (do Grupo Municipal Meaño Independientes e Bloque Nacionalista Galego), oito abstencións (do Grupo Municipal Veciños de Meaño) e cero votos en contra, acorda:

1. Instar a Augas de Galicia para vixiar o estado dos ríos e regatos do concello coa finalidade de localizar os puntos onde se ocasionan vertidos.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 18

2. Instar á Xunta de Galicia para que colabore co Goberno Municipal na erradicación dos vertidos existentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

9. DAR CONTA DA APROBACION DO PROXECTO TECNICO "SENDA PEONIL E CICLABLE POR UN TRAMO NA R/ PONTE DENA - ABUIN". (EXP. 574/2022).-

Polo sr. Presidente, dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de maio de 2024 de aprobación do proxecto da Senda Peonil por un tramo da Rúa Ponte Dena – Abuin (Exp. 574/2022).

O Pleno da Corporación queda enterado.

10. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACION DE INFORMACION DA LEI 2/2012 LOEPSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012. 1º TRIMESTRE 2024. (EXP. 93/2024).-

De conformidade co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Sr. alcalde-presidente da conta da execución do orzamento durante o 1º trimestre 2024:

1.-Resumen por clasificación económica de execución do 1º T 2024:

CAPITULOS DE INGRESOS	CAP.	PREVISIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN +/-	PREVISIÓN DEFINITIVA	DRN	RECAUDACIÓN LÍQUIDA	COBROS CERRADOS
IMPUESTOS DIRECTOS	1	1.399.500,00		1.399.500,00	330.710,70	330.710,70	
IMPUESTOS INDIRECTOS	2	30.000,00		30.000,00	36.388,11	36.388,11	
TASAS Y OTROS INGRESOS	3	707.296,00		707.296,00	251.855,31	250.432,69	45.428,62
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	4	1.902.998,00	126.264,16	2.029.262,16	359.628,43	359.628,43	121.500,80
INGRESOS PATRIMONIALES	5	7.169,00		7.169,00	0,00	0,00	
ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	6	1,00		1,00	0,00	0,00	
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7	41.947,36	805.996,84	847.944,20	471.624,66	471.624,66	
ACTIVOS FINANCIEROS	8	0,00	73.201,04	73.201,04	0,00	0,00	
PASIVOS FINANCIEROS	9	0,00		0,00	0,00	0,00	

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 18

Totales Ingresos		**4.088.911,36**	**1.005.462,04**	**5.094.373,40**	**1.450.207,21**	**1.448.784,59**	**166.929,42**

CAPÍTULOS DE GASTOS	CAP.	CRÉDITO INICIAL	MODIFICA-CIÓN +/-	CRÉDITO DEFINITIVO	ORN	PAGOS LÍQUIDOS	PAGOS CERRADOS
GASTOS PERSONAL	1	1.760.630,86	132.915,49	1.893.546,35	261.527,61	261.527,61	25.208,57
GASTOS EN BIENES CTES Y SERVICIOS	2	1.859.705,00	2.699,06	1.862.404,06	305.882,28	305.882,28	
GASTOS FINANCIEROS	3	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
TRANSFERENCIAS CORRIENTES	4	258.320,00	0,00	258.320,00	5.457,97	5.457,97	
FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	5	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
INVERSIONES REALES	6	191.255,50	869.847,49	1.061.102,99	33.865,14	33.865,14	
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	7	19.000,00		19.000,00	0,00	0,00	
ACTIVOS FINANCIEROS	8			0,00	0,00	0,00	
PASIVOS FINANCIEROS	9			0,00		0,00	
Totales Gastos		**4.088.911,36**	**1.005.462,04**	**5.094.373,40**	**606.733,00**	**606.733,00**	**25.208,57**

2.- Remanente de tesouraría

1. (+) Fondos líquidos (57)		**4.420.534,35**
2. (+) Derechos pendientes de cobro		**169.105,75**
- (+) del Presupuesto corriente	1.422,62	O
- (+) de Presupuestos cerrados	150.484,73	
- (+) de operaciones no presupuestarias	17.198,40	
3. (-) Obligaciones pendientes de pago		**110.897,61**

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 18

- (+) del Presupuesto corriente	0,00	
- (+) de Presupuestos cerrados	27.194,99	O
- (+) de operaciones no presupuestarias	83.702,62	
4. (+) Partidas pendientes de aplicación		**0,00**
- (-) cobros realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00	
- (+) pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00	
I. Remanente de Tesorería Total (1 + 2 - 3 + 4)		**4.478.742,49**
II. Saldos de dudoso cobro	125.113,55	
III. Exceso de financiación afectada	14.289,50	
IV. Remanente de Tesorería para Gastos Generales (I - II - III)		**4.339.339,44**
V. Saldo de obligaciones pendientes de aplicar al Presupuesto a final de periodo	0,00	
VI. Saldo de acreedores por devolución de ingresos a final de periodo	0,00	
VII. REMANENTE DE TESORERÍA PARA GASTOS GENERALES AJUSTADO(IV-V-VI)		**4.339.339,44**

3.-Estabilidade orzamentaria

Ingreso non financeiro	gasto non financeiro	Axustes da propia entidade	Axustes por operacións internas	Cap/Nec. Financ. Entidade
4.743.388,11	4.769.000,00	44.006,00	0	18.394,11

4.-Débeda viva o final do período: 0 €

O Pleno da Corporación queda enterado.

11. CUMPRIMENTO DE PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACION CO DISPOSTO NA LEI 3/2014, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONS COMERCIAIS E PERIODO

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 18

MEDIO DE PAGO A PROVEDORES 1º TRIMESTRE 2024. (EXP. 93/2024).-

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no R.D. 635/2014 de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, modificado polo Real Decreto 1040/2017, do 22 de decembro, o Sr. alcalde-presidente da conta do período medio de pago a provedores do Concello de Meaño, correspondente ao 1º trimestre 2024:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE- 1º TRIMESTRE/2024

	Dentro do período legal		**Fora do período legal**	
Período medio de pagamento	Nº de pagos	Importe total	Nº de pagos	Importe total
29,08	325	259.220,09	46	33.668,86

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO- 1º TRIMESTRE/2024

Intereses de demora pagados no período	
N.º pagamentos	Importe total intereses
0	0,00

FACTURAS PENDENTES DE PAGAR AO FINAL DO TRIMESTRE- 1º TRIMESTRE/2024

	Dentro do período legal a final do trimestre		**Fora del período legal a final de trimestre**	
Período medio do pendente de pagamento	Nº de operacións	Importe total	Nº de pagos	Importe total
32,22	18,00	164.607,40	3,00	20.371,41

O Pleno da Corporación queda enterado.

12. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.-

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Alcaldía, no período comprendido entre o día 09/04/24, nº 2024-209 e o día 31/05/24, n.º 2024-0316, ambas incluídas.

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 18

C) ROGOS E PREGUNTAS

13. ROGOS E PREGUNTAS.-

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG DE MEAÑO

ROGOS QUE COMPLEMENTAN A MOCIÓN PRESENTADA NESTE PLENO DO 5 DE MAIO DE 2024 PARA A MELLORA DA SEGURIDADE PEONIL NO CONCELLO:

1. O poste da luz de luz ubicado na Rúa Ponte Dena ao pasar o ponte, un chisco máis adiante no bazar chinés impide que as persoas con mobilidade reducida se despracen por esa rúa, por iso solicitamos a retirada da beirarrúa e colocación do mesmo no arcén, lugar onde debe estar.

2. Instamos á Alcaldía para que axilice coa Xunta de Galicia a finalización de beirarrúas da PO 303, no lugar de Ganoira e nas parroquias de Meaño e Xil

3. Solicitamos reparación das lousas rotas e desprendidas que hai en distintas beirarrúas do Concello e que supoñen un perigo para os usuarios.

4. Solicitamos o arranxo da pasarela na Ponte Dena, no muiño da Chanca, xa que ten unha rendixa de varios centímetros entre a pasarela e a beirarrúa.

5. Instamos á Alcaldía para a colocación dun paso de peóns polo lateral do Centro Médico de Dena, lugar moi concorrido que debe ter acceso cómodo e seguro tamén para beirarrúa do lateral, de competencia municipal.

6. Instamos á Alcaldía para a reposición do paso de peóns en fronte do Centro Social de Dena na Rúa Santa Lucía, xa que actualmente son moitas persoas que seguen a atravesar polo lugar do paso de peóns que houbo durante anos para acceder ao edificio.

PREGUNTAS PLENO 5/6/24

1. Hai dous meses, no último Pleno, a solicitude do BNG de Meaño a Alcaldía comprometeuse a arranxar o mallón que se desplomou en Cobas. A día de hoxe continúa sen arranxar, cando ten pensado facelo?

2. A Ruta dos Muiños precisa de ser máis coidada, sobre todo nos seus extremos, de Lores cara a Dena e de Lores cara a Simes, faise necesario un plan para mantela en bo estado, para o desfrute da veciñanza e dos visitantes. Vai facer algo ao respecto?

3. O río da Chanca, no tramo que vai da curva de Simes cara a Armenteira, ten un perimetral. Coñece o motivo? No caso de non coñecelo, o BNG solicita que se informe e nos indique o motivo.

4. Actualmente o horario de tarde da Escola Infantil e ata as 20 h. máis cónstanos que para o vindeiro curso vai estar soamente ata as 18 h, reducindo o servizo dúas horas, coas trabas á conciliación familiar e laboral que isto supón. Cal é o motivo?

5. Os tres plenos ordinarios que debían ser celebrados non que vai de ano non foron celebrados. No seu lugar foron convocados plenos extraordinarios, dificultando a labor da oposición, e

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 18

desestabilizando a normalidade da activivade politica do Pleno, sen repectar a periodicidade que vostede mesmo propuxo no pleno de constitución: a celebración do pleno ordinario o último xoves de cada mes impar. Ademais estes penos cambiados de día deberíanse ter convocados como ordinarios. Pensa vostede continuar con este caos en canto á celebración dos plenos?

6. Estamos en campaña electoral e, o igual que aconteceu nas pasadas municipais, galegas e estatais, as únicas parroquias onde a Alcaldía propoón lugares para a colocación de propaganda electoral son Dena ou Meaño. Porqué motivo non propón lugares en todas as parroquias? A caso as outras parroquias non teñen dereito a ter lugares destinados á colocación desta propaganda?

7. Cando ten vostede atender a solicitude de local que solicta o BNG dende fai meses ao amparo da vixente lexislación?

PREGUNTAS PLENO EXTRAORDINARIO 5 DE XUÑO 2024 MEAÑO INDEPENDIENTES

1. Foron resoltas as alegacións presentadas por este grupo á Ordenanza Xeral de Subvencións?

2. Cando se vai repoñer a varanda-quitamedos que falta na ponte do Río da Chanca onda o muíño da Chanca?

3. Cales foron as actuacións que dixo ter levado a cabo na charla promovida e organizada pola Asociación GAM a cerca de que Herminia Fariña fora homenaxeada polas Letras Galegas? En qué datas fixo as xestións?

4. Por que non se facilitou a orde de pago e transferencias nas resolucións da alcaldía) Cando se nos vai a facilitar?

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato:VIDEO(WMV)
Nombre archivo: {2736357F-7866-4377-9A9E-D6EBEF62BFCA}.wmv
SHA512(Firma):
68d89ab84e2c853b2d08fe14bd83ceb67927fb63669dfa9140f0060231d00be74d21fd9e14ee1171e461a846ec722608fd4e39f3eb0d1f2889530557819cd91d

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 4WJYJ3Q3JYPJQP6FQZT4R3HKG
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18